DOG Diario Oficial de Galicia



## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 18 de abril de 2017 pola que se adhire unha entidade financeira ao convenio de colaboración para o apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións leiteiras, subscrito coas sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas.*

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 22 de decembro de 2016, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións leiteiras, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas. Sendo as ditas bases publicadas mediante Resolución do 29 de decembro de 2016 (DOG núm. 249, do 30 de decembro).

Xunto co texto das devanditas bases publicouse a relación das entidades financeiras que se adheriron ao convenio.

En data 23 de marzo de 2017, ratifícase a adhesión da entidade financeira Banco de Sabadell, S.A., polo que cómpre facelo público.

Polo que antecede, en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12.a) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica e do artigo 11.1.a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o regulamento do Igape,

RESOLVO:

Único. Engadir a entidade financeira Banco de Sabadell, S.A., á relación de entidades financeiras adheridas ao convenio de colaboración para o apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións leiteiras, subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, asinado o 29 de decembro de 2016.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2017

Juan Manuel Cividanes Roger
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

CVE-DOG: lufoqiv9-bpf9-6d13-5nr4-0m2fgx1fi260